

**PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NOS
SERVIZOS DE COMEDOR E MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE
EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O
CURSO 2014-2015**

- INFORMACIÓN XERAL -

Na sesión celebrada o día 14/08/14, A Xunta de Goberno da Cidade de Santiago, acordou aprobar as listaxes de admitidos e excluídos nos Servizos de Comedor e Madrugadores na Rede de Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria para o curso 2014-2015.

O Concello de Santiago de Compostela pón en marcha, por terceiro ano consecutivo, o servizo de comedores e madrugadores nos seguintes centros de ensino públicos: Apostólo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, As Fontiñas, Roxos, Vite, Mestre Rodríguez Xixirei, Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e no caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa, só o servizo de madrugadores. Unha vez finalizados os prazos de matriculación e completado o proceso administrativo, procede a publicación da listaxe de admitidos e excluídos- unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local- na páxina web www.santiagodecompostela.org e no taboleiro de anuncios municipal.

RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

- Na listaxe que hoxe se publica recóllense todas as solicitudes recibidas dende a apertura dos prazos establecidos ata o día 7 de agosto. As admisións realizáronse por riguroso orde de entrada no Rexistro Municipal ata cubrir as prazas dispoñibles, establecidas en 950 prazas que é a estimación de comensais do servizo para este curso escolar.
- Para solicitar modificacións nos datos que figuran na listaxe, coñecer as causa de exclusión e regularizar dita situación, os solicitantes poderán contactar nos **teléfonos de atención ás familias**: 986 453 040 (servizo durante o verán) ou no 902 200 218; no correo electrónico: comedores@serunion.elior.com ou consultar a páxina web www.serunioneduca.com

NOVAS SOLICITUDES

- As familias que dexesen solicitar praza nos servizos de comedor e madrugadores e que non teñan formalizada a matrícula nos prazos establecido, deberán entregar no Concello de Santiago de Compostela toda a documentación debidamente cuberta presentándoa no **Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras)** ou nos Rexistros Auxiliares habilitados.
- O modelo oficial pode descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela www.santiagodecompostela.org, ou solicitalo no Departamento de Educación (Edificio CERSIA, Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n), así como nos centros de ensino obxecto desta convocatoria, comedores escolares e na páxina de comedores escolares www.serunioneduca.com
- As admisións realizáronse por riguroso orde de entrada no Rexistro municipal, ata cubrir as prazas dispoñibles establecidas en 950 prazas que é a estimación de comensais do servizo para este curso escolar.

Coa colaboración de:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA